

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011634	Politécnico de Vigo	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMA	Instalación e mantemento	CSIMA03	Mecatrónica industrial	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0946	Formación e orientación laboral	2023/2024	4	107	128
MP0946_12	Prevenición de riscos laborais	2023/2024	4	45	54
MP0946_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	4	62	74

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA LUISA ISLA OTERO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Tal como se establece no propio currículo deste ciclo superior,

"A competencia xeral deste título consiste en configurar e optimizar sistemas mecatrónicos industriais, así como planificar, supervisar e/ou executar a súa montaxe e o seu mantemento, seguindo os protocolos de calidade, de seguridade e de prevención de riscos laborais, e de respecto ambiental".

Así mesmo, no artigo 5, sinálanse entre outras competencias profesionais, persoais e sociais, as seguintes, vinculadas estreitamente co módulo de FOL que se desenvolve nesta programación:

- n) Organizar, supervisar e aplicar os protocolos de seguridade e de calidade nas intervencións que se realizan nos procesos de montaxe e mantemento das instalacións.
- ñ) Adaptarse ás novas situacións laborais, mantendo actualizados os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos relativos o seu ámbito profesional, xestionando a súa formación e os recursos existentes na aprendizaxe ao longo da vida, e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.
- o) Resolver situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo.
- p) Organizar e coordinar equipos de traballo con responsabilidade, supervisando o seu desenvolvemento, mantendo relacións fluídas, asumindo o liderado e achegando solucións aos conflitos grupais que se presenten.
- q) Comunicarse con iguais, superiores, clientela e persoas baixo a súa responsabilidade, utilizando vías eficaces de comunicación, transmitindo a información ou os coñecementos adecuados, e respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
- r) Xerar ámbitos seguros no desenvolvemento do seu traballo e o do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, de acordo co establecido pola normativa e os obxectivos da empresa.

Por outro lado, no artigo 9 ao establecer os obxectivos xerais deste ciclo sinálanse os seguintes, estreitamente vinculados cos obxectivos do módulo de FOL:

- r) Desenvolver técnicas de liderado, motivación, supervisión e comunicación en contextos de traballo en grupo, para facilitar a organización e a coordinación de equipos de traballo.
- s) Aplicar estratexias e técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á finalidade e ás características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia nos procesos de comunicación.
- t) Avaliar situacións de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, propondo e aplicando medidas de prevención persoais e colectivas, de acordo coa normativa aplicable nos procesos de traballo, para garantir ámbitos seguros.

Ademais as propias orientacións metodolóxicas apuntan á necesidade de que este módulo se enfoque á orientación cara ao mundo laboral, e polo tanto, e tendo en conta as circunstancias actuais nas que o acceso ao emprego é moi difícil, é preciso que o alumnado coñeza e manexe as fontes de información sobre posibles empregos ou saídas profesionais e poder utilizalas de xeito autónomo, para o que é fundamental utilizar as TIC; así como coñecer as técnicas activas de busca de emprego para estar nunha situación polo menos de igualdade con outras persoas e ter capacidade de seguir formándose para o emprego. É por isto polo que de maneira literal se aconsella que nas clases se atenda ao:

1. Manexo das fontes de información para a elaboración de itinerarios formativo profesionalizadores, en especial no referente ao sector da mecatrónica industrial.
2. Posta en práctica de técnicas activas de procura de emprego:
3. Realización de probas de orientación e dinámicas sobre as propias aspiracións, competencias e capacidades.
4. Manexo de fontes de información, incluídos os recursos da internet para a procura de emprego.
5. Preparación e realización de cartas de presentación e currículos (potenciarase o emprego doutros idiomas oficiais na Unión Europea no manexo de información e elaboración do currículo Europass).
6. Familiarización coas probas de selección de persoal, en particular a entrevista de traballo.
7. Identificación de ofertas de emprego público ás que se pode acceder en función da titulación, e resposta á súa convocatoria.
8. Formación de equipos na aula para a realización de actividades mediante o emprego de técnicas de traballo en equipo.
9. Estudo das condicións de traballo do sector da mecatrónica industrial a través do manexo da normativa laboral, dos contratos máis comunmente

utilizados e do convenio colectivo de aplicación no sector da mecatrónica industrial.

10. Superación de calquera forma de discriminación no acceso ao emprego e no desenvolvemento profesional.

11. Análise da normativa de prevención de riscos laborais que lle permita a avaliación dos riscos derivados das actividades desenvolvidas no sector produtivo, así como a colaboración na definición dun plan de prevención para a empresa e das medidas necesarias para a súa posta en práctica.

12. O correcto desenvolvemento deste módulo esixe a disposición de medios informáticos con conexión a internet e que polo menos dúas sesións de traballo semanais sexan consecutivas.

O módulo seguirá metodoloxías activas e como base a gamificación. O proceso gamificado será presentado e explicado ao alumnado e a súa disposición na aula virtual. Realizarán tamén ao longo do ciclo un portfolio personal que recolla os avances no módulo e que será susceptible de avaliación en referencia ao CA que recolla.

A metodoloxía de xogo serio, a través de Lego Serious Play e a aprendizaxe baseada en xogos, estarán presentes no módulo, así como a aula invertida a través de Edpuzzle, ao que terán acceso a través da aula virtual.

A competencia Dixital adquirirase transversalmente a través das tarefas e actividades propostas no módulo. Como base do mesmo será a gamificación denominada "GamificaFOL".

Este grupo participará no proxecto FPNaranja sobre autoconhecimento e xestión de emocións no que participamos con tres centros máis situados en Toledo, Madrid e Gran Canaria, este proxecto foi premiado por Dualiza CaixaBank na V convocatoria Dualiza, como un dos máis innovadores do país, e tamén premiado polo Ministerio de Educación na convocatoria de Agrupaciones de centros para este curso.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.		
2	A prevención de riscos laborais	Marco normativo básico e conceptos fundamentais en materia de prevención laboral	10	7
3	A avaliación de riscos	As condicións de seguridade e os factores de risco no sector do mantemento industrial	17	13
4	A xestión da prevención na empresa	A organización da prevención na empresa, a planificación da prevención	11	8
5	Medidas de prevención e protección	Estudiaranse as técnicas de prevención e protección, así como as sinais máis xerais e de utilización máis frecuente no sector profesional así como as técnicas de primeiros auxilios e protocolos de actuación en situacións de emerxencia	16	12
6	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.		
7	O traballo en equipo e a resolución de conflitos	Conceptos básicos para traballar en equipo e resolver os conflitos que poidan aparecer	10	10
8	A relación laboral o contrato de traballo e modalidades de contrato. Tempo de traballo, salario, nómina. Sindicatos	Analizaremos a normativa de traballo, sindicación, contratos.	28	15
9	A seguridade social. Prestacións	Estructura do sistema da seguridade social. Principais prestacións	16	15
10	A procura de emprego	Principais instrumentos para a busca de emprego por conta allea o propia	20	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A prevención de riscos laborais	10

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.4 Comprenderónse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector da mecatrónica industrial.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.

4.2.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A avaliación de riscos	17

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da mecatrónica industrial.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en mecatrónica industrial.
CA2.2 Clasifícanse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.3 Clasifícanse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en mecatrónica industrial.
CA2.4 Identifícanse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en mecatrónica industrial.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade.

4.3.e) Contidos

Contidos
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Riscos específicos no sector da mecatrónica industrial en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.
Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector da mecatrónica industrial.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A xestión da prevención na empresa	11

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.2 Clasifícaronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.4 Identifícaronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en mecatrónica industrial.
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.

4.4.e) Contidos

Contidos
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Medidas de prevención e protección	16

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en mecánica industrial.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.3 Selecciónáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

4.5.e) Contidos

Contidos
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Formación en empresa.	

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	O traballo en equipo e a resolución de conflitos	10

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en mecánica industrial e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

4.7.e) Contidos

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector da mecánica industrial segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	A relación laboral o contrato de traballo e modalidades de contrato. Tempo de traballo, salario, nómina. Sindicatos	28

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distingúense os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analízanse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en mecatrónica industrial.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.8 Analízase o recibo de salarios e identifícanse os principais elementos que o integran.
CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
CA2.10 Identifícanse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analízanse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.
CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

4.8.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.
Representación das persoas traballadoras na empresa.
Conflitos colectivos.
Novos contornos de organización do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.

Contidos

Dereitos e deberes derivados da relación laboral.

Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en mecatrónica industrial.

Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.

Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.

o recibo de salarios

Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	A seguridade social.Prestacions	16

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

4.9.e) Contidos

Contidos
A seguridade social como pilar do estado social.
Estrutura do sistema de seguridade social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas da seguridade social.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	A procura de emprego	20

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en mecánica industrial.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.6.1 determináronse as debilidades ameazadas, fortalezas e oportunidades persoais
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en mecánica industrial
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.8.1 Realizouse un curriculum vitae adecuado e creativo, para a súa profesión
CA4.8.2 Realizouse unha carta de presentación adecuada para unha autocandidatura
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

4.10.e) Contidos

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en mecánica industrial.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en mecánica industrial.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en mecánica industrial.
Proceso de toma de decisións.
DAFO

Contidos

Proceso de procura de emprego no sector de actividade.

Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

Curriculum vitae

Carta presentación autocandidatura

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES:

O s mínimos esixibles son os que se recollen no apartado 4c) considerados como tal, son os criterios de avaliación que o alumnado deberá conseguir, como mínimo, para superar o módulo. Aparecen ponderados en cada unidade didáctica cunha determinada porcentaxe da mesma. Os contidos mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva do módulo son:

UF1: PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

- Coñeceronse os dereitos e obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais, clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles e clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais.
- Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo e definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo
- Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa, determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
- Definiuse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa e identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios a aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.
- Identificáronse as medidas de prevención asociadas a cada tipo de risco.

UF2: EQUIPOS DE TRABALLO, DEREITO DO TRABALLO E DA SEGURIDADE SOCIAL E PROCURA DE EMPREGO.

- Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
- Distinguíronse as técnicas de comunicación nos equipos de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
- Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
- Identificáronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
- Distinguíronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
- Identificáronse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
- Recoñeceronse as principais modalidades de contratación.- Identificáronse os dereitos e obrigas básicas do traballador.
- Identificáronse os dereitos do traballador en materia de xornada e salarios.
- Identificáronse as circunstancias nas que se pode reducir a xornada ordinaria de traballo para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Identificáronse os elementos definatorios do recibo de salarios.
- Calculouse unha nómina sinxela, calculando a retribución total, as bases de cotización, os descontos de seguridade social e IRPF a cargo do traballador e o líquido a percibir.
- Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
- Calculouse a indemnización por despedimento e modificación do contrato en supostos sinxelos.
- Identificáronse os órganos de representación dos traballadores na empresa.
- Recoñeceuse que é un sindicato e como se organiza a participación dos mesmos nas empresas.
- Identificouse que é un convenio colectivo.
- Recoñeceronse os distintos tipos de conflitos colectivos: a folga e o peche patronal, e o procedemento a seguir para a súa convocatoria.
- Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema da Seguridade Social.
- Relacionáronse cales son as obrigas da empresa coa Seguridade Social.

- Determináronse as bases e cotas de cotización da persoa traballadora en supostos sinxelos.
- Determináronse as bases e cotas de cotización da empresa en supostos sinxelos.
- Distínguese entre prestación contributiva e non contributiva.
- Determináronse as principais prestacións contributivas da Seguridade Social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
- Calculouse unha prestación sinxela de incapacidade temporal común e profesional.
- Calculouse unha prestación sinxela de maternidade e paternidade.
- Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.
- Coñeceronse as técnicas e instrumentos de búsqueda de emprego.

5.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os instrumentos empregados para avaliar cada unha das unidades didácticas xa foron expostos no apartado correspondente desta avaliación. Os criterios de avaliación extráense dos DCBs de cada ciclo formativo. No caso do módulo de FOL, estes coinciden nos currículos dos diferentes títulos de FP e deberán adaptarse aos obxectivos marcados para cada unidade didáctica segundo se describiu anteriormente.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN xerais do curso:

Para a avaliación das aprendizaxes realizadas por cada alumno no módulo utilizaranse os seguintes instrumentos:

- **PROBAS ESCRITAS**, contidos e puntuación:

LEvarase a cabo unha proba ao trimestre como mínimo, segundo as necesidades do alumnado e complexidade da materia. En todo caso, farán media entre elas.

Nestas probas poderanse presentar cuestións a desenvolver, tipo test e/ou supostos prácticos. Nas preguntas tipo test, o alumno/a poderá contestar ou deixar en branco, as respostas en branco non puntúan, as respostas erradas restan en proporción tres erradas unha correcta. Nas preguntas a desenvolver vaise valorar a corrección e argumentación elaborada polo alumno para xustificar e demostrar o que sabe sobre os contidos de teoría.

Na resolución dos supostos prácticos o alumno/a deberá demostrar que é coñecedor da teoría aplicable e dos procedementos para resolver a situación que se presenta.

PUNTUACIÓN DAS PROBAS ESCRITAS: será o resultado da media das probas escritas realizadas no trimestre. En todo caso, para facer a media será condición indispensable que a nota mínima en cada proba sexa dun 5. En caso contrario, como nota de trimestre se fará constar unha nota máxima dun 4. Polo tanto terá que facer recuperación desa parte. Esta puntuación será levada á nota final de trimestre dacordo á ponderación indicada a continuación para a nota de probas obxectivas.

- **TRABALLOS-actividades:**

Os contidos, características e criterios de corrección de cada un dos traballos serán proporcionados previamente á súa realización. Os traballos non presentados no prazo establecido só poderán ser entregados noutro prazo por causa xustificada documentalmente.

PUNTUACIÓN DOS TRABALLOS: serán calificados a través duna táboa de observación. Para ser aprobados terán que obter nota mínima dun 5. No caso de haber varios farase a media aritmética coas notas obtidas en cada un destes traballos, sempre que cada traballo teña unha nota mínima de 4 puntos, caso contrario o trimestre está suspenso porque non se fará media coa proba escrita, dacordo á ponderación indicada a continuación para a nota de traballos.

A superación dunha avaliación non supón a superación das anteriores.

CUALIFICACIÓNS TRIMESTRAIS.

Os criterios para a cualificación de cada trimestre dos alumnos con dereito á avaliación continua serán os seguintes:

- Proba escrita: Cun peso do 70% da puntuación total, da nota obtida en cada trimestre.
- Actividades, traballos teóricos ou prácticos, suporán o 30% sobre a citada nota ou puntuación.

AVALIACIÓN CONTINUA E PROBA FINAL:

A profesora poderá facer unha proba final previa ao comezo do periodo formativo e profesionalizador na empresa. Esta proba final abarcará a totalidade da programación impartida no centro educativo. Cabe a posibilidade de que aqueles alumnos/as que non superando o 10% da ausencia ás clases queden exentos/as de realizar a mesma."

CUALIFICACIÓN FINAL:

A nota da terceira avaliación será a nota final do módulo.

PUNTUACION:

1. **NOTA FINAL DE MÓDULO:** o alumnado acadará a avaliación positiva cun 5.
2. A nota con decimais será redondeada do seguinte xeito: Si o decimal supera a 0.5 será redondeado por exceso ao enteiro máis próximo. En caso contrario será redondeado por defecto ao inferior máis próximo.
3. Para superar cada trimestre hai que obter un mínimo de 5 puntos, resultado das notas ponderadas correspondentes.

NORMAS XERAIS PARA A REALIZACIÓN DE PROBAS OU EXÁMENES.

- a. Non se admite móbil no examen para ningún uso. De tal forma que ao entrar na aula será entregado á profesora. No caso de que alumno o alumna se negue a facelo perderá o dereito a que se lle faga a proba ou examen.
- b. No caso de ser necesaria calculadora, ésta terá só funcións básicas, polo tanto, non se admiten calculadoras científicas.
- c. No suposto de que nun examen, un/a alumno o alumna teña no seu poder documentación que non esté autorizada pola profesora, ou ben, se comprrobe que copiou terá que entregalo á profesora. E a nota a cualificar en dita proba será de 0 puntos.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

No caso de o alumnado teña con materia suspensa, se organizarán unha serie de actividades ou probas, das que se fará seguimento. MOMENTO para recupera-lo módulo, este será durante o periodo formativo na empresa.

Van a deseñarse novas actividades con tarefas que axuden ao alumno/a a comprender mellor ou superar os criterios de avaliación, ou que lle permitan chegar aos obxectivos cun pouco máis de tempo.

Estas actividades serán da seguinte tipoloxía:

- 1 Realización de actividades escritas, sobre os contidos das UF non superadas.
E tamén,
2. A elaboración de traballos de investigación sobre contidos non superados das UFs.

A proba extraordinaria pode consistir en levar a cabo actividades, supostos, traballos de campos e probas obxectivas,. En tódolos cas terán que avaliar os CA mínimos.

NOTA PARA SUPERAR A RECUPERACIÓN:

A puntuación necesaria para a súa superación será de 5 ou máis de 5.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

No caso da modalidade de DUAL non procede o facer AVALIACIÓN CONTINUA

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Coa axuda desta aplicación e na versión de traballo irei recollendo as posibles desviacións que se vaian producindo sobre a programación inicial así como valorando o resultado das actividades prantexadas en relación coa temporalización e os obxectivos acadados, para introducir variacións no futuro que poidan mellorar a programación inicial e a práctica docente.

Mensualmente ademáis farase unha posta en común na reunión de departamento para analizar e reflexionar sobre os resultados obtidos nas respectivas experiencias docentes dos integrantes do mesmo.

A final de curso pasarei unha enquisa ao alumnado para que valoren o desenvolvemento das clases, a práctica docente, a adecuación da esixencia ao currículo do módulo, clima de clase,...;etc. Así mesmo, poderán facer suxestións e á vista das súas respostas poderei reflexionar sobre o meu xeito de dar clase, aspectos a conservar e aspectos a mellorar no futuro.

8. Medidas de atención á diversidade**8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

No mes de outubro lévase a cabo unha avaliación inicial para coñecer o nivel do alumnado, a súa motivación no ciclo, as súas habilidades e expectativas..

Tamén me interesa coñecer o seu dominio ou non das TIC, capacidade ou habilidade informática que teñen como usuarios. Por último, fágolle preguntas sobre a súa motivación con relación ao ciclo e as expectativas que teñen con relación a este módulo.

Tamén pregunto por conceptos relacionados co módulo e os coñecementos previos que teñen; se fixeron un cursiño de prevención de riscos, de primeiros auxilios, se estiveron traballando con nómina, etc., así como hobbies e aficións, o feito de facer algunha actividade física tamén me parece interesante.

Xenérase nun ambiente distendido que propicia a sinceridade e as relacións persoais.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No caso de que o alumno/a non acade globalmente os obxectivos programados teranse en conta as razóns para deseñar algún tipo de medida que lle axude a acadalos.

Pode consistir simplemente nunha ampliación do prazo de entrega do traballo ou tarefa cando non responde aos criterios de avaliación establecidos previamente pola profesora, pero enténdese que cunha ampliación do prazo poderá mellorar o traballo e corrixir os erros que se detecten.

Cando o problema está na non superación dunha proba escrita ou cuestionario, se unha vez escoitadas as razóns dadas polo/a alumno/a, a profesora considera que o único problema foi de non adicarlle suficiente tempo á preparación da mesma, fixará unha nova data para repetir a proba escrita.

No caso de que se observe que é falta de comprensión dos contidos aprendidos, primeiro será preciso reforzalos con actividades de apoio. É posible, que do seguimento destas actividades de reforzo a profesora observe que os obxectivos ou mínimos xa foron acadados. Dará por acadados os mínimos e rematadas as actividades de apoio ou reforzo.

Cando o alumno/a promociona a segundo curso do ciclo co módulo suspenso, dependendo das circunstancias poderanse establecer medidas de apoio e seguimento con atención individualizada determinados días e horas fora do horario lectivo, incluso sinalando datas e horas para a celebración de probas, para intentar que aprobe en marzo e poida ir á FCT. No caso de que quede para xuño xa se deseña un calendario con actividades lectivas, nas que se lles imparten clases presenciais de reforzo e repaso, e ao final fánse probas escritas que deberán superar. Nos casos en que se trate dun alumno/a con necesidades especiais, será preciso ter en conta a valoración que se faga dende orientación e as medidas que consideren nese departamento que se deban adotar.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O módulo de Formación e Orientación Laboral ten unha especial relevancia no tratamento destes temas, trataranse a diario espontaneamente, de maneira que impregnarán a actividade cotiá na aula, así en todas as actividades e na medida que sexa posible en cada unha, fomentárase a igualdade, a saúde, educación moral e cívica, educación para o consumidor, educación ambiental, a ecoloxía, a paz, evítanse as actitudes, comentarios ou comportamentos racistas ou discriminatorios de tipo sexistas ou violentos no comportamento diario tanto dentro como fora da aula.

En concreto, nestes temas cobrará especial relevancia:

- Educación para a saúde: Polo que respecta á educación para a saúde e a calidade de vida, faremos especial fincapé na saúde laboral, xa prevista nos contidos da programación didáctica, pola súa importancia no futuro desenrolo profesional do alumnado. O obxectivo último é que o alumnado tome conciencia da necesidade de facer propios uns hábitos mínimos que garantan a seguridade no traballo, tanto para eles mesmos como para os compañeiros/as e a empresa en xeral. Neste mesmo bloque de contidos tentarase inculcar a importancia de garantir a hixiene e a saúde no traballo, pero non só a nivel persoal, se non tamén a nivel ambiental.
- Educación multicultural. A educación multicultural ven esixida pola crecente intercomunicación das culturas, e resulta máis urxente polos brotes de xenofobia observados ante a crecente presenza de inmigrantes. Os obxectivos serán espertar o interese por coñecer outras culturas diferentes coas súas crenzas, institucións e costumes, así como desenvolver actitudes de respecto e colaboración con grupos culturalmente minoritarios.
- Educación do consumidor. O obxectivo é crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.
- Educación para a igualdade. Por canto á igualdade de sexos, temos que destacar a importancia e trascendencia que este asunto ten no mundo da empresa; o home e a muller deben de ter igualdade de oportunidades no ámbito laboral, polo mesmo traballo tense que percibir a mesma remuneración. Esta cuestión irase desenvolvendo ó longo do curso e do temario, ao formar parte dos criterios de avaliación que fan parte da programación didáctica.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Programa Eduemprende: Finanzas para mortais, opción 3) : relacionado coa macroeconomía: PIB, empregos, Social...

Actividades Primeiros Auxilios: Charla Protección Civil, ou similar, sobre Primeiros Auxilios.

Colaboración co titor do grupo nas actividades nas que podamos realizar algunha achega.

Colaboración externa con proxectos que permitan a adquisición de resultados de aprendizaxe do módulo.

Participación en concursos de organismos oficiais como o INNST, ISGA, SSocial, etc.

10. Outros apartados

10.1) Exames UF

Os exames constarán dun máximo de 10 preguntas, de resposta curta e como mínimo incluírán os CA mínimos.

Existirá un exame por avaliación, salvo que, por circunstancias de docencia se considere máis pedagóxico realizar un número superior ou inferior.

Incluírase en cada proba, a valoración das preguntas, de non establecerse, terán a mesma ponderación; tamén se especificará qué pregunta está asociada a un CA mínimo (esas preguntas deberán obter nota como mínimo de 5).

10.2) Información

Informarase ao alumnado da avaliación de cada instrumento, antes da súa aplicación á actividade ou proba escrita. Tamén se informará das actividades que estean relacionadas con CA mínimos, polo que necesitarán obter no instrumento de avaliación que as avalíe unha nota dun mínimo de 5.

10.3) Accesibilidade

A profesora resolverá dúbidas e explicará o necesario, procurando ter accesibilidade en todo o proceso de ensino-aprendizaxe.

10.4) Aula virtual

Instrumento básico onde se recollerá información e enlaces a aplicacións necesarias com Padlet, Edpuzzle ou Genially, entoutros.

10.5) Adaptación COVID

Avaliación: no caso de existir restricións á presencialidade debidas á COVID, a proba de avaliación de contidos poderá tamén ser oral. Neste caso, as condicións explicaranse ao alumnado previamente.

Metodoloxía na semipresencialidade: durante as semanas de presenza nas aulas, priorizaranse as explicacións, a consulta de dúbidas sobre os materiais e tarefas traballadas así como a participación, o debate e os obradoiros para os que se requira traballo en grupo (sempre mantendo as medidas de seguridade). A semana na que os alumnos estean na casa, a comunicación farase a través da aula virtual coa realización e avaliación das tarefas enviadas. Será posible tamén establecer conexión por videoconferencia.

Metodoloxía no confinamento: a comunicación será estritamente pola aula virtual tratando de manter o ritmo do curso con videoconferencias semanais de explicacións, obradoiros, consulta de dúbidas e outras actividades planificadas.